



## Proposicións non de lei aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2010

- 4.1 **08/PNP-0404 (25459)**  
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Rodríguez Miranda, Antonio e 6 deputados máis**  
**Sobre o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia**  
**das competencias reclamadas pola Xunta de Galicia**  
**en diversas materias**

O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1.- Manifestar que o actual ordenamento xurídico, con base na nosa Carta Magna, ten mecanismos axeitados que poden permitir o avance do autogoberno no noso país. Así, o goberno de España dispón de mecanismos xurídicos acaídos que poden permitir transferir a Galicia as competencias que dende a Xunta de Galicia se está a reclamar, en materia de:

- Titularidade das autoestradas AP-9 e AP-53 en réxime de concesión, cuxo itinerario discorre integramente polo territorio da Comunidade Autónoma.
- Tramitación de expedientes de autorizacións sobre dominio público hidráulico no territorio de Galicia nas bacías intercomunitarias.
- Competencia executiva sobre as obras hidráulicas de interese xeral no territorio da Comunidade Autónoma e a participación na planificación e programación das mesmas.- Servicio Meteorolóxico.
- Funcións e servizos en materia de ordenación do Sector Pesqueiro.

- Expedición das titulacións e tarxetas de identidade acreditativas das titulacións profesionais da mariña mercante.
- Funcións que o Estado exerce en materia de Inspección de seguridade e Saúde a bordo de embarcacións.
- Funcións en materia de Ordenación do Litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre, a ordenación dos usos e actividades no mesmo, o outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo terrestre, a protección e recuperación do litoral e as obras de conservación e mellora do dominio público marítimo terrestre entre outras funcións.
- Execución e xestión en materia de persoal ó servizo da Administración de Xustiza

2.- Demandar do goberno de España que proceda, no marco do actual Estatuto de Autonomía de Galicia e mediante os mecanismos previstos na normativa vixente, ao traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de:

- Titularidade das autoestradas AP-9 e AP-53 en réxime de concesión, cuxo itinerario discorre íntegramente polo territorio da Comunidade Autónoma.
- Tramitación de expedientes de autorizacións sobre dominio público hidráulico no territorio de Galicia nas bacías intercomunitarias
- Competencia executiva sobre as obras hidráulicas de interese xeral no territorio da Comunidade Autónoma e a participación na planificación e programación das mesmas.
- Servizo Meteorolóxico.
- Funcións e servizos en materia de ordenación do Sector Pesqueiro.
- Expedición das titulacións e tarxetas de identidade acreditativas das titulacións profesionais da mariña mercante.
- Funcións que o Estado exerce en materia de Inspección de seguridade e Saúde a bordo de embarcacións.

- Funcións en materia de Ordenación do Litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre, a ordenación dos usos e actividades no mesmo, o outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo terrestre, a protección e recuperación do litoral e as obras de conservación e mellora do dominio público marítimo terrestre entre outras funcións.
- Execución e xestión en materia de persoal ó servizo da Administración de Xustiza.

**4.3 08/PNP-0704 (43068)**  
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Rodríguez González, Román, e 6 deputados máis**  
**Sobre a consideración polo Goberno do Estado das singularidades e especificidades territoriais de Galicia no tocante á asignación dos fondos económicos vencellados aos obxectivos recollidos no Plan de acción 2010-2011 do Ministerio de Educación**

" O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dirixirse ao Goberno do Estado para que na asignación ás CC.AA. dos fondos económicos vencellados ós obxectivos recollidos no Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio de Educación, se teñan en conta as singularidades e especificidades territoriais de Galicia, que ocasionan sobrecostos económicos na prestación do servizo educativo.

2.- Que nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2011 na Conlelelría de Educación e Ordenación Universitaria se dispoña dos fondos suficientes para a participación nos programas e convenios susceptibles de ser asinados co Ministerio de Educación na súa máxima contía posible, en consonancia coas políticas educativas do Goberno galego.